

Ángeles Ruibal

Ángeles Ruibal é enerxía, optimismo, entusiasmo, decisión e, sobre todo, paixón. Desde o primeiro contacto, a súa vitalidade envolve todo o ambiente e, dunha ou doutra maneira, convértese na protagonista indiscutible da súa propia historia.

Xeve, a orixe dunha artista

Ángeles Ruibal interpreta o encontro da música e a poesía. Esta lonxeva unión comezou nos anos da súa infancia, cando na súa aldea natal, Santo André de Xeve, no Concello de Pontevedra, subía ás pólas dunha figueira para cantar aquelas cancións que ela define como “de maiores”: cuplés e zarzuelas principalmente. Non había radio no seu contorno e os grandes éxitos non eran os hits da música actual. Pero ela tíñao claro, moi claro, o que quería era cantar e non lle importaba tanto o que. Era tal a paixón con que aquela nena cantaba que as súas veciñas e veciños bautizárona como *A artista*, cal premonición do que ía ser o seu futuro.

Seu pai era un dos seus grandes admiradores e tamén quen lle daba azos. En numerosas ocasións exercía tamén como incitador e subía a pequena Ángeles ás mesas da taberna para que cantase, fachendoso do ben facer da súa filla. Mais non foi esta a única forma en que José Ruibal Castro, pai de Ángeles, influíu no devir da súa filla. Del herdou o gusto pola poesía e a canción, recitáballe poemas dos grandes poetas e tamén entoaban xuntos algunhas melodías. Home de extraordinaria cultura e moi creativo, o seu falecemento cando Ángeles contaba con só 14 anos supuxo para ela un duro golpe. El foi o motor de todo e non sería até



o momento en que ela comezou a ler, cando descubriu de quen eran aquelas palabras tantas veces recitadas por seu pai.

Pero en Santo André de Xeve, *A artista* nutríase tamén doutras fontes para ampliar o seu repertorio musical. Ademais do seu pai, contaba coa complicidade e entusiasmo de súa irmá que lle compraba en Pontevedra as letras das cancións para que ela despois as memorizase e interpretase, cousa que, afirma, facía con certa facilidade pois tal era a paixón con que o facía. A súa familia de seu pai, especialmente as súas tías, tamén contribuíron na elección do camiño da canción como destino profesional. Cantaban sobre todo cancións relixiosas pero ela entendía que era o habitual na altura e pouco lle importaba a temática cando se trataba de cantar. E, co tempo, chegou a radio. Ben é certo que na súa casa non houbo radio nos primeiros anos da infancia pero tivo a sorte de que a tivese unha prima e que, ademais, a compartía coa veciñanza do lugar situándoa na xanela para facer chegar as inauditas voces a quen quixera escoitalas.

Toda esta experiencia vital contribuíu a que Ángeles Ruibal soubese desde moi nova o que quería facer. Pode ser, afirma, que se equivocase en cousas, pero fixo sempre o que quixo e foi feliz.

“Cada un no seu oficio teno que defender. Eu non son máis que unha costureira que está creando un vestido e ten que romperse a cabeza para crealo. E pon toda a paixón niso. Pois a música é paixón. O traballo que fas con gusto sempre tes que ter paixón”. [Ángeles Ruibal]

A creatividade dos Ruibal

Pero non foi Ángeles a única que destacou nas artes no seo da súa familia. O clan dos Ruibal está cheo de pequenos e grandes logros que convidan a imaxinar a existencia dunha atmosfera propia na casa matriz da familia. A pintura e o teatro foron outros dos camiños artísticos seguidos polos Ruibal. A nai, Aurora Ruibal (coñecida tamén como Yoya), comezou a pintar con 75 anos polo gusto e a satisfacción persoal que lle producía e non tanto buscando o recoñecemento da súa técnica e obra. Á pintura tamén se dedicou súa irmá Mercedes, cuxa obra se viu en parte influenciada polos consellos e guía de Laxeiro. Seu irmán, José Ruibal, dedicouse ao mundo do teatro e acadou certa repercusión internacional, cunha destacada presenza nos Estados Unidos. Será el quen, en parte, lance a carreira de súa irmá máis nova. José foi quen lle regalou a Ángeles o primeiro disco de Yupanqui, a quen despois cantaría, e tamén quen a levou a Madrid para que se formase en guitarra e canto.



Inicios na canción

Madrid foi a cidade onde Ángeles realizou o seu primeiro recital. Sería en 1969, na facultade de arquitectura. Un recital cargado de emoción e de nervios no que interpreta diante duns 2.000 estudantes a Atahualpa Yupanqui, aquel mesmo cantautor do que seu irmán, José Ruibal, lle regalara o disco despois da súa estada en Arxentina.

Costa imaxinar a Ángeles Ruibal como unha persoa tímida, dado o seu trato próximo e amable. Con todo, ela afirma selo para estar nos escenarios pero o seu gusto por cantar supera ese sentir. A súa voz defínea artisticamente; é forte, moi potente e “con micrófono incorporado”, afirma. De feito, os seus profesores quixeron facer dela unha soprano lírica, pois tiña voz para iso, pero non se sentía atraída pola ópera, aburríalle. Os seus intereses musicais achegábanse máis ao mundo da zarzuela, da que xa interpretaba cancións desde nena na figueira e tabernas de Xeve e porque a apaixonaba a picaresca do estilo. Este interese reflíctese en toda a súa obra, dominada por unha forma de entender a música que fai das súas actuacións pequenas representacións cantadas: “*O cantante ten que ser actor tamén. Tes que interpretar*”. A xente nota o que transmites. Ao igual que ela se considera transmisora da musicalidade do poema e confesa que é o propio poema quen lle marca a voz que ten que poñer. Cando compón séntese ao servizo do poema, non da súa voz.

A etapa de *Los Juglares*

O ano 1969 foi un ano importante na vida de Ángeles. Neste ano tivo lugar ese primeiro concerto público en Madrid interpretando os temas de Yupanqui. Pero non foi este o único acontecemento destacado, a pesar da gran relevancia que tivo. Neste mesmo ano fúndase o grupo no que Ángeles Ruibal se consolida como artista e co que consegue moitos dos éxitos que a día de hoxe forman parte do seu currículo: *Los Juglares*. Formado en compañía de Sergio Aschero, quen será compañeiro no profesional e no persoal, Los Juglares musicalizaron os grandes poetas de fala hispana, aqueles mesmos poetas que seu pai lle recitaba cando ela apenas unha nena. *Los Juglares cantan a Agustín Pérez Bellas* será o primeiro dos seus discos, publicado en 1971. Dous anos despois, en 1973 publican un disco no que musicalizan a poesía de Federico García Lorca. Conta Ángeles orgullosa que eles foron dos primeiros intérpretes de música popular en conseguir o permiso da familia para gravar os seus poemas. En 1978 editan *Está despuntando el alba. Homenaje a Miguel Hernández*, un disco completo dedicado á súa poesía.



Con todo, os maiores éxitos e recoñecementos da súa carreira viñeron desde Arxentina. Neste incesante ir e vir, lembra con cariño e agradecemento a súa aco-llida na quinta provincia galega, onde a música se considera moi importante e onde ela sempre tivo moito traballo. Dos anos vividos alí destaca a colaboración con Mercedes Sosa, con quen a une unha fonda amizade, ou o feito de que foran Les Luthiers os encargados da actuación de apertura dun dos seus espectáculos. Nese momento, *Los Juglares* xa tiñan un disco publicado, cousa da que os arxentinos carecían. Ambos formaron parte do elenco de artistas de La Botica del Ángel, un café concerto moi recoñecido. Trátase dunha igrexa que Vergara Leuman reformou para transformar nun magnífico teatro do que Ángeles di que é o máis bonito do mundo. Eles formaban parte do equipo e actuaban con frecuencia.

Foi nesta etapa do café concerto cando Ángeles quedou embarazada da súa segunda filla. Durante os primeiros meses de embarazo seguiu actuando pero, chegado un momento, abandonou os escenarios temporalmente e en 1970 regresa a España para o nacemento da pequena.

A traxectoria dos Juglares expándese ao longo de 31 anos, etapa que Ángeles describe como estupenda.

Os seus logros como artista son numerosos aínda que non todos recoñecidos. Como sucedeu, por exemplo, coa SGAE. Na altura, para entrar na SGAE era preciso superar un exame de harmonía. Ao non ter ela realizada esta proba e non poder ser socia, as pezas que facían Los Juglares ían asinadas por Sergio Aschero, quen si era socio. En consecuencia, algunhas das súas cancións ou que produto do traballo conxunto foron atribuídas a Sergio pois, en caso contrario, habería que rexistralas como anónimas e non o eran.

Se ben é certo que non todos estes anos se dedicaron a cantar, neste tempo, e aínda co franquismo, traballaron moito e realizaron longas xiras. Para poder actuar disfrazaban os poemas e mandábanos así á censura coa idea de conseguir o permiso; pero cambiar as letras para enganar a censura era unha falta grave, e máis de se tratar de poetas prohibidos:

“Pero un día déronse conta e leváronme ao cárcere. Aos dous. E coa miña nena de catro anos. Coa nosa nena, que andaba con nós sempre. Estivemos 15 días, no cárcere. E salvounos o Rei, que subiu o Rei e houbo un indulto e aí saín eu e non me fixeron xuízo nin nada. E borráronme todo o meu expediente. En Cidade Real, que estabamos cantando alí. Esperaron ademais a que non estivera no escenario. Fóronme buscar ao outro día ao hotel”. [Ángeles Ruibal]

Pero no repertorio dos Juglares podíase atopar todo tipo de autores, sempre e cando o poema os motivase, de Lorca e Miguel Hernández a San Juan de la Cruz



ou Santa Teresa. Nunha ocasión contactaron con eles desde a Sección Feminina de Alacante. Antes de saír ao escenario, desde a Sección Feminina solicitóuselles retirar do repertorio algunhas das cancións máis susceptibles de seren sospeitosas para o réxime pero o público esperaba aquelas cancións, o que ocasionou protestas durante o concerto. Tiveron que sacalos pola porta de atrás. Decidiron non volver actuar para a Sección Feminina e como mostra de desaprobación diante do ocorrido enviaron unha carta denunciando que os obrigasen a non cantar algunhas das cancións do seu repertorio.

A pesar desta traxectoria e do elevado número de actuacións, nunca tiveron un excesivo recoñecemento da súa actividade, principalmente porque apenas lle dedicaban tempo á promoción. Nunca buscaron converterse en referentes recoñecidos da canción e “que malo é iso! É un defecto”. Como ocorreu en París no ano 1976, cando tivo unha ocasión de gravar cunha importante editorial a Nicolás Guillén que non chegou a concretarse, feito do que afirma que a día de hoxe é unha das poucas cousas das que se arrepinte. Pero a súa vida estaba dividida entre España e Arxentina, marcada polas frecuentes viaxes de ida e volta, o que dificultaba que puidesen dedicar grandes esforzos á comercialización. Gravaban un disco aquí e ao pouco marchaban á Arxentina...

Situámonos no ano 1975. A morte de Franco era inminente, as xiras extenuantes, con moitas paradas e moitos desprazamentos pola xeografía española; por veces, o concerto atrasábase á espera de que houbera novidades sobre o estado do ditador. Houbo momentos en que ela desexou a súa morte xa só para poder descansar, tal era a intensidade. Lembra que cando morreu Franco tiñan que cantar en Barcelona e que recibiu a noticia con grande alegría (por moitos motivos). Esta dureza das xiras, que realizaban acompañados da súa filla, empurrounos a decidirse a marchar para Arxentina cando a nena cumpriu os sete anos, na procura dunha estabilidade que lle permitise á pequena ter unha escola, unha rutina e non estar inmersa nun ir e vir constante. E aínda que alí cantaron en diferentes cousas, xa tiñan a estrutura doutra maneira, máis organizados por ela. E aí é cando empezaron a facer a Escola de música.

Arxentina. A escola de música

De Arxentina recibe Ángeles os seus maiores recoñecementos como artista. No ano 2001 o Senado da Nación envioulle unha carta como agradecemento á súa traxectoria. Posteriormente, no ano 2013, durante unha visita que Ángeles fixo á súa terra de acolida, foi galardoada cunha medalla.

Pero a traxectoria deste dúo non se limitou a cantar e a súa relación coa música extrapolou o plano artístico para se introducir tamén no mundo da educación.



Condicionados polo difícil de conciliar a crianza e as xiras, Ángeles e Sergio ins-tálanse en Bos Aires e alí crean unha escola de música que se vai converter nun referente na ensinanza desta arte. A escola baseaba a súa metodoloxía nun sistema de escritura musical creado por eles que ensinaba música a través da cor e das formas. Neste sistema a cor é o son e a forma representa a duración. Grazas a el calquera persoa podía facer música.

Ademais, nesta etapa tamén editou libros e publicou máis de 40 cancións. Interesados polo método, no ano 1988 reciben e aceptan un convite do Ministerio de Educación e Ciencias español para implantar o seu sistema nas escolas, o que os trae temporalmente de volta. Non obstante, nesta mesmo momento a relación persoal con Sergio Aschero acaba e esa ruptura pon fin tamén á súa relación profesional e á escola.

Carreira en solitario

Despois da separación de Sergio Aschero regresa a Galiza e inicia a súa andaina en solitario. A presión por editar discos e conseguir concertos é agora menor, cunha carreira xa consolidada. A ela, que nunca apreciou moito o labor comercial, gustáballe cantar para se divertir e recibe alegre e agradecida os convites para facer aquilo que máis lle gusta na vida: cantar. Transmitir esa emoción que sente no escenario, esa emoción que a inspiran a ela para musicar os poemas, é un dos seus cometidos:

“Se ti estás nun escenario e non sentes nada, ninguén vai sentir nada. Primeiro ten que pasar por ti. Tes que crer o que estás facendo. Se non cres o que estás facendo non pasa nada, non pasa nada. Se eu non creira o que estou facendo sería unha mentira e a min as mentiras non me gustan”. [Ángeles Ruibal]

No seu regreso á terra de nacemento, viviu experiencias persoais que deixaron nela unha fonda pegada pero sempre encontrou na música a forma de reconducilas. Nas cuestións persoais tivo bastantes dramas pero a música foi para ela unha gran terapia. O seu primeiro disco en solitario fíxoo mentres coidaba de súa irmá, Mercedes Ruibal, enferma de Alzheimer. Volveu casar e do seu terceiro casamento o marido enfermou e estivo case cinco anos de enfermeira. Estes cinco anos, a pesar das dificultades, buscaba na música o refuxio e grazas ao seu empeño e entrega conseguiu preparar e gravar o disco dedicado a quen tantas alegrías lle deu, Atahualpa Yupanqui, baixo o título *Así siento a Yupanqui*, que contou con diversas colaboracións. En 2017 lanzou un disco homenaxe a unha amiga, *Ángeles Ruibal canta a la Kruckenberg*, no que musicaliza poemas da poeta e que conta coa colaboración de Cuchús Pimentel.



A súa vitalidade e entusiasmo mantéñena activa e con enerxía para seguir regalando voz. Neste momento está a traballar con Fina Casalderrey nun proxecto para facer un disco sobre Rosalía de Castro e a poesía galega.

Recoñece que hoxe sería imposible facer o que ela fixo, principalmente porque non tería clientela. Os tempos cambiaron moito e os gustos son outros. Sente mágoa de que a poesía non sexa valorada, non tanto polas súas cancións, como polo aprecio que debería ter calquera obra de arte. Ao longo da súa carreira viu como se enchían os teatros e incluso había xente de pé, xente moi nova. A maioría campesiños e campesiñas que se achegaban a escoitar o recital unha vez finalizada a faena.

Agora está moi ben aquí, en Pontevedra. Admite que unha retirada a tempo é importante, aínda que segue facendo cousas. Non ao mesmo ritmo, sen xiras, con máis calma. Gústalle a tranquilidade. Goza coa carreira das súas fillas, das que se sente tremendamente orgullosa. A maior, Graciela Baquero, vive en Vigo e é poeta. A pequena, Irene Aschero, está un pouco máis lonxe, en Arxentina, facendo da música a súa forma de vida. Xunto a elas, as netas, a outra gran debilidade.

Confesa Ángeles que, de non se dedicar á música, probablemente tería sido campesiña. Cando morreu seu pai tendo ela 14 anos fíxose cargo da casa e traballou ata os 17 anos nas terras da familia. Non había soldo para pagar o xornal polo que se viu na obriga de facelo eu. Aínda así, recoñece que lle gustaba ser campesiña. Conta orgullosa que tiña moita forza e que era capaz ela soa de lle dar a volta ao arado. As nais de Xeve que a vían e a coñecían querían casala cos seus fillos porque era moi traballadora. E así segue a ser, imparabile aínda hoxe, na procura de manter vivo o soño da súa vida. *“Fun feliz á miña maneira. Eu inventábame a felicidade todos os días, que a felicidade non existe”*.